

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE OUTUBRO DE 2023

Ás 10:30 horas do día 10 de outubro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 5 de outubro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D. Fernando González Abeijón, vogal representante do PP
- D. Xabier Pérez Igrexas, vogal representante do BNG
- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
- D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
- D^a. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
- D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
- D^a. Ruth Maria Gallego Santos, técnica de xestión da área de Fomento (asiste aos puntos 2a e 3a)
- D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 4a e 4b)
- D. Secundino Otero Failde, xefe do Servizo Medio Ambiente (asiste ao punto 5a e 6a)
- D. Antonio Villanueva, xefe do Servizo de Administración Electrónica asiste ao punto 9a e 10a)
- D^a. María Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 11a)
- D. Fernando Carballo Villar, director de Réxime Interior de Vigozoo
- D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 11d)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 1 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ARGENIA INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L.
2. REBORDA MARTINEZ ANTONIO, S.L.N.E.

3- Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao Comité de expertos previsto no apartado 7.C da FEC do PCAP.

4. Apertura administrativa e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, e se procede, clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de bomba de calor exterior para Casa Galega da Cultura (16255-331)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre único (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 2 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Oferta do prezo do contrato (sen IVE)
1	ACEUVE, S.L.U.	38.597,12 €
2	BELENUS-NATUR, S.L.U.	47.143,45 €
3	GESTION INTEGRAL DE MANTENIMIENTOS Y SERVICIOS AUXILIARES, S.L	41.528,75 €
4	TERMOCALOR VIGO, S.L.	37.994,81 €

Non asiste público á apertura.

Ao mesmo tempo, compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, acordando á Mesa, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ACEUVE, S.L.U.
2. BELENUS-NATUR, S.L.U.
3. GESTION INTEGRAL DE MANTENIMIENTOS Y SERVICIOS AUXILIARES, S.L
4. TERMOCALOR VIGO, S.L.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor de valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o xefe da Área de Inversións o 18 de setembro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 3 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16650-306)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

- XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.A.

A.1. Traballos de control de Arundo donax, Cortaderia selloana e Canna indica								
CONCEPTO Estimación de unidades	Medición		Prezo unitario máximo (Euros)		Prezo unitario ofertado (Euros) (Non pode superar ós máximos)		Prezo total (Euros) (Medición x prezo unitario ofertado)	
A.1.1.1. Control <i>Arundo donax</i>	4.169,38	m2	2,12	m2	2,12	m2	8839,09	m2
A.1.1.2. Control <i>Cortaderia selloana</i>	76,00	und	53,92	und	53,92	und	4097,92	und
A.1.1.3. Control <i>Canna indica</i>	530,69	m2	4,86	m2	4,86	m2	2579,15	m2
A.1.2. ACTUACIÓNS DE CONTROL DO REBROTE								
A.1.2.1. Control <i>Arundo donax</i>	4.169,38	m2	0,66	m2	0,66	m2	2751,79	m2
A.1.2.2. Control <i>Cortaderia selloana</i>	76,00	und	20,52	und	20,52	und	1559,52	und
A.1.2.3. Control <i>Canna indica</i>	530,69	m2	3,22	m2	3,22	m2	1708,82	m2
A.1.3. ACTUACIÓNS DE CUBRICIÓN XEOTÉXTIL BIODEGRADABLE								
A.1.3.1. Actuacións de cubrición con xeotéxtil en superficies con presenza de <i>Arundo donax</i> para evitar o rebrote.	3.000,00	m2	3,90	m2	3,90	m2	11700,00	m2
A.1.3.2. Actuacións de cubrición con xeotéxtil en superficies con presenza de <i>Canna indica</i> para evitar o rebrote.	300,00	m2	3,71	m2	3,71	m2	1113,00	m2
A.2. Traballos de control e entresaca de Acacia melanoxylon								
A.2.1 Actuacións sobre acacia no Monte da Guía.	1.500,00	m2	4,12	m2	4,12	m2	6180,00	m2
A.2.2. Extracción, transporte e descarga dende o monte da Guía á bacía do Lagares	25,00	m3	41,03	m3	41,03	m3	1025,75	m3



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A.2.3. Actuacións sobre acacia na bacía do Lagares.	200,00	Und	26,20	und	26,20	und	5240,00	und
A.3. Traballos de estabilización da ribeira na bacía do Río Lagares								
A.3.1. Actuacións de estabilización da ribeira Lagares	61,00	ml	156,11	ml	156,11	ml	9522,71	ml
A.4. Traballos de apeo exemplares secos, corte regular de troncos e empillado no Monte da Guía								
A.4.1. Actuacións apeo de troncos secos, corte en seccións e empillado. Ramas trituradas	15,00	und	179,19	und	179,19	und	2687,85	und
A.5. Traballos de control de Tradescantia fluminensis na contorna da Fervenza de Bouza Fría (Bembrive)								
A.5.1. ACTUACIÓN INICIAL DE ELIMINACIÓN DA ESPECIE								
A.5.1.1. Actuacións de control e erradicación de Tradescantia fluminensis	903,57	m2	6,95	m2	6,95	m2	6279,81	m2
A.5.2. ACTUACIÓN CONTROL DO REBROTE								
A.5.2.1. Actuacións de control e erradicación de Tradescantia fluminensis	903,57	m2	2,49	m2	2,49	m2	2249,89	m2



A.6. Traballos de reparación da baixada graduada con pasos de madeira								
CONCEPTO Estimación de unidades	Medición		Prezo unitario máximo (Euros)		Prezo unitario ofertado (Euros) (Non pode superar ós máximos)		Prezo total (Euros) (Medición x prezo unitario ofertado)	
	A.6.1. Actuacións de reparación da madeira e adecuación da baixada/subida na contorna da Bouza Fría. Incluindo varanda de madeira con postes cementados con base en dado de formigón de 0,40 x 0,40 x 0,40 cm ou espichados no solo > 50 cm. Con corda de cáñamo unindo os postes da varanda.	15,00	ml	322,83	ml	322,83	ml	4842,45

B. TRABALLOS DE SINALIZACIÓN

B.1 TRABALLOS DE SINALIZACIÓN								
CONCEPTO Estimación de unidades	Medición		Prezo unitario máximo (Euros)		Prezo unitario ofertado (Euros) (Non pode superar ós máximos)		Prezo total (Euros) (Medición x prezo unitario ofertado)	
	B.1.1. Poste de madeira de piñeiro tratado de 145 x 70 x 1.500 mm. Colocación incluída, tanto da información coma o poste.	17,00	und	75,81	und	75,81	und	1288,77
B.1.2. Poste de madeira de piñeiro tratado de 145 x 70 x 2.200 mm. Colocación incluída. Colocación incluída, tanto da información coma o poste	3,00	und	89,78	und	89,78	und	269,34	und
B.1.3. Cartel en A3 impreso en dibond laminado brillo antigrafito para a divulgación das accións e a súa financiación	3,00	und	52,06	und	52,06	und	156,18	und
B.1.4. Cartel, deseño impresión e colocación de código qr sobre dibond de 125 x 125 mm de impresión directa laminado brillo con protección antigrafito para a divulgación e sensibilización sobre as accións realizadas.	20,00	und	20,16	und	20,16	und	403,20	und

Non asiste público á apertura.



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes do 26 de setembro de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con MOYPE SPORT, S.A. (Lote 4), por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a mesma.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generaion EU (10127-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 20 de setembro de 2023 de valoración do sobre B "proposición evaluable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generaion EU (10127-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 7 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generaion EU (10127-113) na seguinte orde descendente:

Licitador	
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar,TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa “Vigo en Festas” (9706-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, comunica que, en cumprimento do acordado na sesión do 28 de setembro de 2023, concedeuse un prazo de 3 días aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BIGLAB, S.L.U. (lote 1), VIGO POR LA DANZA (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5), para que puidesen emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP.

Durante o prazo concedido os devanditos licitadores presentaron a documentación requirida.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 8 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9706-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 23 de marzo de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de maio de 2023 asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 140.360,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 116.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2023.

O orzamento desglosado para cada LOTE:

- Lote 1: 30.250,00 €, sendo o iva 5.250,00 €
- Lote 2: 18.150,00 €, sendo o iva 3.150,00 €
- Lote 3: 45.980,00 €, sendo o iva 7.980,00 €
- Lote 4: 22.990,00 €, sendo o iva 3.990,00 €
- Lote 5: 22.990,00 €, sendo o iva 3.990,00 €

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 1 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2023 de exclusión de BARAFUNDA, S.L. do lote 1 e de BIGLAB S.L.U. do lote 5, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido na cláusula 16A do PCAP ("Na valoración deste criterio, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 22,50 puntos").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 9 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9.706-335) na seguinte orde descendente:

LOTE 1 ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE GRUPOS MUSICAIS

	Licitador	Puntuación total
1	BIGLAB, S.L.U.	89,00 puntos

LOTE 2 ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE GRUPOS DE BAILE

	Licitador	Puntuación total
1	VIGO POR LA DANZA	77,50 puntos

LOTE 3 ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE BANDAS DE MÚSICA POPULAR

	Licitador	Puntuación total
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	72,50 puntos
2	BIGLAB, S.L.U.	50,00 puntos

LOTE 4 ACTUACIÓNS MUSICAIS E ACTIVIDADES INFANTÍS

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	99,00 puntos

LOTE 5 PASARRÚAS CON MÚSICA

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	85,00 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) (lote 1), VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975) (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G-36.855.906) (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) (lotes 4 e 5) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BIGLAB, S.L.U. (lote 1), VIGO POR LA DANZA (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5), o día 5 de setembro de 2023, que presentaron a documentación requirida, dentro do prazo concedido, nas seguintes datas:

1. BIGLAB, S.L.U. (lote 1): o 12 de setembro.
2. VIGO POR LA DANZA (lote 2): o 17 de setembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 10 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



3. FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3): o 15 de setembro.
4. BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5): o 8 e o 19 de setembro.

A maiores, e xa finalizado o prazo, VIGO POR LA DANZA, presentou documentación o 20 de setembro.

En base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitir esta documentación.

A Mesa de Contratación na sesión do 28 de setembro de 2023 acordou conceder un prazo de 3 días aos devanditos licitadores para que puidesen emendar a documentación presentada e, estes, durante o prazo concedido, presentan a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 10 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada por BIGLAB, S.L.U. (lote 1), VIGO POR LA DANZA (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5), sendo esta correcta, polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas que se abstén.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, BIGLAB, S.L.U. (lote 1), VIGO POR LA DANZA (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formuladas por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 11 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

BIGLAB, S.L.U. (lote 1), VIGO POR LA DANZA (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lotes 4 e 5), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 e 30 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2023 de exclusión de BARAFUNDA, S.L. do lote 1 e de BIGLAB S.L.U. do lote 5, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido na cláusula 16A do PCAP ("Na valoración deste criterio, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 22,50 puntos").*
2. *Adxudicar a BIGLAB, S.L.U. o lote 1 "Actuacións artísticas de grupos musicais" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9706-335) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo total do lote 1 é de 30.250,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.250,00 euros.*
 - *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 1 do 0 %.*
3. *Adxudicar a VIGO POR LA DANZA o lote 2 "Actuacións artísticas de grupos de baile" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9706-335) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo total do lote 2 é de 18.150,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.150,00 euros.*
 - *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 2 do 1 %.*
4. *Adxudicar á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO o lote 3 "Actuacións artísticas de bandas de música popular" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9706-335) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo total do lote 3 é de 45.980,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.980,00 euros.*
 - *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 3 do 5 %.*
 - *Propón a participación de 1 persoa cun grao de discapacidade recoñecida*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 12 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



oficialmente superior ao 33% na composición escénica do espectáculo.

5. Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. o lote 4 "Actuacións musicais e actividades infantís" e o lote 5 "Pasarrúas con música" do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9706-335) coas seguintes condicións:

- Lote 4 "Actuacións musicais e actividades infantís"

- O prezo total do lote 4 é de 22.990,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.990,00 euros.
- Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 4 do 3,26 %.

- Lote 5 "Pasarrúas con música"

- O prezo total do lote 5 é de 22.990,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.990,00 euros.
- Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos na cláusula 5.4 do PCAP para o lote 5 do 3,26 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Lémbrese que o 15 de setembro de 2023 se notificou a resolución de clasificación a AUTOS BREA, S.L., por ser o licitador clasificado en primeiro lugar, co requirimento da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP.

O licitador presentou a documentación requirida os días 19 e 20 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Tras a análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 3 días a AUTOS BREA, S.L. para que poida emendar a seguinte documentación:

1. Acreditación da solvencia técnica e profesional segundo o esixido no apartado 5B do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.5.3º do PCAP: "Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 13 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación." A declaración presentada, por si sola, non é suficiente para acreditar a solvencia técnica e profesional.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoológico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoológico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de control de accesos e atención ao público no parque zoológico dependente da Concellería de Medioambiente do Concello de VigoZoo. (exp.11988-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 18/07/23 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral con data 26/07/23.

TERCEIRO.- O importe máximo do contrato plurianual é de 187.550,18€, sendo o importe correspondente ó IVE a soportar pola Administración (32.550,03 €), do cal autorízase o gasto de 16.832,60€ para o ano 2023 e subordínase a autorización do gasto de 93.073,60€ para o ano 2024 e 77.643,98€ para o ano 2025, á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ó artigo 174 do TRLFL. O financiamento do contrato de servizos será con cargo á partida 3371.227.99.00.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 14 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoolóxico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EULEN, S.A.	93,50 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., o día 19 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 28 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 10 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas que se abstén,

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULEN, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 15 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULEN, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 11 de setembro de 2023 e o acordo adoptado pola Mesa de contratación en sesión de data 14 de setembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a EULEN, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoolóxico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612) por un prezo total do contrato de 137.357,63 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 23.838,93 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 16 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial polo procedemento aberto e tramitación urxente.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións técnicas asinado o 22 de xuño de 2023 polo xefe de Montes, Parques e Xardíns.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola técnica de Administración Xeral o 30 de xuño de 2023 e pola xefa de área de contratación e novos proxectos o 3 de xullo de 2023.

3º.- Autorizar o gasto total de CATROCENTOS TRECE MIL CINCO CENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (413.563,74 €),, sendo o importe correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (71.775,52 €).como orzamento base de licitación, con cargo as aplicacións 3360.2100001, 3360.2100002, 3360.2100004 e 3360.2120001.

2023	68.318,14 euros
2024	207.147,33 euros
2025	138.098,27 euros

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 20 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307) na seguinte orde descendente:

Orden	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.	87,20
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	85,32



Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 30 de setembro e o 2 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 10 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas que se abstén,

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 4 e 12 de setembro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 18 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307) por un prezo total do contrato de 386.764,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.124,47 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 19 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC44-E9AC25-5C4BAA-KAEHFK-Z8EXL7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		